

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS: DINAMIZACIÓN DA REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA, OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E AS ÁREAS PROTEXIDAS, EXPOSICIÓNS ITINERANTES, REUNIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Belén M^a do Campo Piñeiro, directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, habilitada para a formalización deste convenio en virtude de Resolución do 10 de xaneiro de 2020, de delegación de sinatura da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Doutra parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en nome e representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, en base ao artigo 8 do Título I dos estatutos do Consorcio relativos ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o “Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)”.

Ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimación necesarias para subscribir o presente convenio, e para tal efecto.

EXPOÑEN

O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten as competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente.

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) creouse por convenio entre a entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, en data 5 de decembro de 1997, orientado a establecer un marco adecuado para a difusión cultural e intercambio científico entre os distintos



organismos asinantes do citado convenio, dende a óptica da defensa e promoción do medio ambiente.

O 22 de setembro de 2000 actualízase o citado convenio a través do convenio de colaboración da entón Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, e créase para a xestión do mesmo, segundo a súa cláusula terceira, un consorcio, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente, a realización de actividades de cualificación de técnicos en educación ambiental, así como colaborar, dentro do seu ámbito actuación.

Na cláusula segunda do convenio de actualización do CEIDA establécese que este poderá completar as actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nas materias de información, formación e educación ambiental.

O CEIDA cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

Á vista do exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o CEIDA, establecen un convenio de mutua colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o CEIDA para a realización das actuacións: dinamización da Rede Galega de Reservas da Biosfera, obxectivos de desenvolvemento sustentable e as áreas protexidas, exposicións itinerantes, reunión do Observatorio Galego de Educación Ambiental e asesoramento e documentación do Centro de Documentación Ambiental.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asume os seguintes compromisos:

- a) Dirixir e coordinar as actuacións necesarias para a realización das accións obxecto deste convenio
- b) Subministrara e coordinar as actuacións necesarias para a realización das accións obxecto deste convenio
- a) Aportar as cantidades previstas na cláusula cuarta.

O CEIDA asume os seguintes compromisos:



- a) Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo.
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- c) Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio crearase unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes.

Esta Comisión Mixta de Seguimento desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura do convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- b) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime conveniente convocar.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 56.000,00 € (Cincuenta e seis mil euros), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia o CEIDA, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- 1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- 2º. Xustificar ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- 3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



4º. Comunicarlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, O CEIDA asume como beneficiario as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, de acordo co recollido no anexo deste convenio, e se realicen e paguen dende o día seguinte ao da sinatura do convenio ata o 6 de novembro de 2020. Para estes efectos antes do 13 de novembro o CEIDA achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa das actividades realizadas.

Os pagamentos e as xustificacións dos gastos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 20 de novembro de 2020.



SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

OITAVA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

NOVENA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, correspondéndolle o coñecemento das cuestións que puidesen xurdir sobre a súa interpretación, execución ou cumprimento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

UNDÉCIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



DÉCIMO TERCEIRA.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO

Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

Polo CEIDA
A Presidenta
(Asinado electronicamente)

Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio
e Vivenda
Por delegación de sinatura
(Resolución do 10/01/2020)
A directora xeral de Patrimonio Natural
(Asinado electronicamente)

Ángeles Vázquez Mejuto

Belén M^a do Campo Piñeiro



ANEXO GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

DINAMIZACIÓN DA REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA

No ano 2013, declárase pola UNESCO a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, territorio que abrangue 17 concellos entre os que se atopa Oleiros, municipio onde está o Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA.

Esta declaración foi conseguida despois de dous anos de traballo por parte do Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e o CEIDA, responsable da elaboración da candidatura técnica a presentar á UNESCO para a súa avaliación e posterior declaración. Pero o traballo non remata aí pois, dende ese momento, o CEIDA empezou a traballar co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para a Transición Ecolóxica na creación de unha Rede Galega de Reservas de Biosfera que finalmente foi conseguida grazas ao apoio da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, sendo finalmente creada por Decreto publicado no DOG no ano 2017.

Desde ese ano, o CEIDA está a potenciar o traballo en rede das 6 Reservas da Biosfera de Galicia co obxectivo de potenciar a súa identidade e visibilidade así como o desenvolvemento dun traballo conxunto que facilite o logro dos obxectivos individuais e colectivos, fomentar a cooperación e o intercambio de experiencias entre os distintos sectores de cada Reserva e aumentar o coñecemento dos valores das Reservas mediante a educación, formación, sensibilización e a promoción dunha conciencia pública.

Agora toca dar un paso máis e potenciar o traballo levado a cabo polas distintas Redes existentes de Reservas de Biosfera e tamén coñecer o que se está a avanzar na creación de novas Redes.

Actuacións a desenvolver:

- Coordinación e dinamización da Rede Galega de Reservas de Biosfera: Reunión de coordinación cos xestores e equipos técnicos das Reservas de Biosfera de Galicia e Xornada “as Reservas de Biosfera e traballo en rede”.
- Xornada sobre as mulleres relevantes no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O importe máximo desta acción será de 16.000 € (dezasete mil euros).

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E AS ÁREAS PROTEXIDAS

As mulleres xogan un papel importante no ámbito dos espazos protexidos.

No Convenio sobre a Diversidade Biolóxica de 1992 mencionábase que “As mulleres xogan un papel vital na conservación e uso sostible da diversidade biolóxica (...) e é necesaria a súa completa participación na formulación e execución de políticas para a súa conservación”.

Así mesmo, na Conferencia da Muller de Beijing de 1995 dise que “A muller ten coñecementos especiais dos vínculos ecolóxicos e da ordenación dos ecosistemas fráxiles (...), a súa función é fundamental para a promoción do desenvolvemento sostible, como o é a súa preocupación pola calidade e o carácter sostible da vida para as xeracións actuais e futuras”.

De novo no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica de 2010 menciónase expresamente “A responsabilidade de calquera iniciativa de conservación da biodiversidade consiste en garantir que o desenvolvemento e implementación de políticas nacionais e internacionais de



conservación, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes”.

Cabe mencionar tamén a importancia que ten o papel da muller nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (Obxectivo 5). A igualdade de xénero é un dereito e a realización deste dereito é a mellor oportunidade que existe para afrontar algúns dos desafíos mais urxentes do noso tempo, dende a crise económica e a falta de atención sanitaria ate o cambio climático, a violencia contra as mulleres e a escalada dos conflitos.

Faise vital recoñecer o papel das mulleres na conservación da natureza e no uso sostible dos recursos naturais, así como visualizar o papel das mulleres nas áreas protexidas en proxectos de dinamización do eido rural.

Por estes motivos propónse a realización da seguinte actuación:

- Xornada: As mulleres e os obxectivos de desenvolvemento sustentable nas áreas protexidas.

A declaración dunha área protexida recoñece os destacados valores naturais e culturais dun determinado territorio. O problema reside en como conxugar a protección e conservación dos espazos e o desenvolvemento das actividades turísticas.

Segundo a Declaración de Daimiel (2016), o ecoturismo e a viaxe a unha área natural para coñecela, interpretarlá, desfrutala e percorrera ao tempo que se aprecia e contribúe de forma práctica a súa conservación, sen xerar impactos negativos sobre o medio e repercutindo positivamente na poboación local.

Por outra banda, o turismo é moito mais que turismo e o seu considerable peso económico lle otorga a responsabilidade e o poder de desempeñar un papel clave no desenvolvemento sustentable. Ademais a súa natureza transversal e o seu amplo alcance global o converte nunha ferramenta eficaz para contribuir a acadar os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

Por este motivo propónse a realización da seguinte actuación:

- Xornada: Ecoturismo en áreas protexidas

O importe máximo desta acción será de 12.000 € (doce mil euros).

EXPOSICIÓNS ITINERANTES

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente. Para acadar este fin conta, entre as súas actividades divulgativas, cun programa de exposicións itinerantes que se ceden gratuitamente a todas aquelas entidades interesadas en recibilas nas súas instalacións.

O CEIDA escolleu este formato itinerante para adaptarse á realidade da poboación galega: a súa extraordinaria dispersión e así poder chegar estas mostras a toda a cidadanía galega.

As exposicións cedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural son: ▪Galicia, Conservando a Natureza, ▪Aves de Galicia, ▪Galicia, Biodiversidade, ▪Os Ecosistemas Dunares, ▪Rede Natura 2000 en Galicia.



Actuacións a desenvolver:

- Divulgación a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais da oferta de exposicións itinerantes
- Xestión do servizo de préstamo e dos formularios de solicitude e cesión
- Asesoramento didáctico ás entidades solicitantes

O importe máximo desta acción será de 10.000 € (dez mil euros).

REUNIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

O artigo 149.1º.23 da Constitución e o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, faculta á nosa Comunidade Autónoma para establecer normas adicionais sobre protección do medio e a paisaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de fomentar a conciencia de que o medio galego é un patrimonio e un ben no que todos os estamentos sociais deben estar implicados.

A estratexia galega de educación ambiental foi aprobada o 9 de novembro de 1999, no Consello Galego de Medio Ambiente e publicada no DOG nº 205, do 23 de outubro de 2000, froito dos compromisos ambientais adoptados por España nas reunións de Tíblisi e Tesalónica, e seguindo as recomendacións do Libro branco de educación ambiental. Na Estratexia Galega de Educación Ambiental recomendábase a creación dun Observatorio Galego de Educación Ambiental como órgano colexiado de consulta.

O Observatorio Galego de Educación Ambiental foi creado inicialmente polo Decreto 78/2001, do 22 de marzo, e modificado polos decretos 218/2002, do 23 de maio e 6/2005, do 7 de xaneiro. O Decreto 68/2006, do 30 de marzo, regula as funcións e composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental derogando os anteriores.

O Observatorio debe ter unha composición plural, con presenza da Administración Pública e de axentes sociais e persoas especialistas en educación ambiental, co obxectivo de que sexa un instrumento de colaboración e participación social para o desenvolvemento da educación ambiental en Galicia e a súa finalidade principal é o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.

Actuacións a desenvolver:

- Convocatoria do Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA)
- Curso de Educación Ambiental.

O importe máximo desta actuación será de 10.000,00 € (dez mil euros).

ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, con sede no CEIDA, é un centro de información especializado na temática ambiental, sendo as súas principais áreas temáticas a Educación Ambiental, a Conservación e o Desenvolvemento Sustentable.



Co obxectivo de proporcionar material documental que sirva de apoio ás accións do convenio o Centro de Documentación do CEIDA porá a disposición das persoas e entidades participantes un conxunto de publicacións e guías naturalísticas dispoñible.

Actuacións a desenvolver:

- Asesoramento ás entidades solicitantes
- Maletas viaxeiras: “Coñece o patrimonio natural galego”. Conxunto de documentación itinerante que se ofertará aos centros educativos galegos.

O importe máximo desta actuación será de 8.000,00 € (oito mi euros).

